

MISIÓN MOZAMBIQUE

DATA: do 2 ao 6 de marzo de 2015

AXENDA

- **02/03/2015 (Maputo)- Chegada a Maputo e reunión con ADANE- Mozambique**

Mañá: Chegada a Maputo ás 08:00h

Tarde: Reunión con ADANE- Mozambique

PROXECTO: Mellora nas condicións educativas da escola e centro infantil Hitakula das Mahotas (Cl. 2013)

Parceiro galego: ECOS DO SUR

Parceiro local: Adane Mozambique

Orzamento total: 25.276,48€

Achega Fondo Galego: 17.999,38€

O presente proxecto mellorou os servizos de educación e sanidade na escola de Hitakula das Mahotas (Maputo) a través de diversas accións orientadas á mellora do sistema de auga e saneamento da escola: limpeza, ampliacións e instalación do sistema de saneamento no centro escolar. O proxecto estivo integrado nun programa titulado "Mellora das condicións educativas da Escola e Centro Infantil Hitakula", que tiña por obxectivo mellorar as condicións da educación e sanidade do centro. Este proxecto enmarcaríase na segunda fase deste programa. A escola, construída no ano 2002 por ADANE Mozambique coa cooperación española, foi deseñada para albergar a 1.200 alumnas/os, pero o rápido crecemento demográfico ocasionou que na actualidade esteamos a falar de 2.450, o que provoca un deterioro nas instalacións.

- **03/03/2015 (Maputo)- Reunión coa OTC AECID e visita a proxecto**

Mañá: reunión coa OTC AECID ás 9:00h

Visita ao proxecto 'Mellora nas condicións educativas da escola e centro infantil Hitakula das Mahotas', ás 11:30h

Tarde: Viaxe a Matola

- **04/03/2015 e 05/03/2015 (Matola)- Asistencia ao 'Seminário de avaliação dos resultados e perspectivas do projeto de melhora das capacidades de Autoridades Locais de Brasil e Moçambique como atores da cooperação descentralizada' e xuntanza con representante da Associação Nacional dos Municípios de Moçambique, ANAMM, e o Frente Nacional de Prefeitos (Brasil).**

Mañá: seminario de 8:00 a 16:30h

Tarde: Reunión coa Associação Nacional dos Municípios de Moçambique, o Frente Nacional de Prefeitos e a Rede Mundial de Cidade e Governos Locais e Rexionais.

- **06/03/2015- xuntanza co parceiro local Casa do Gaiato e visita a proxecto**

Mañá: xuntanza coa Casa do Gaiato e visita ao proxecto

PROXECTO: Construción do centro de apoio de Mahanhane, distrito de Boane (CD. 2006)

A construción do centro de apoio tivo como obxectivo impartir apoio educativo, alimentario e hixiénico a nenas e nenos de entre 3 e 7 anos. Así mesmo, nas aulas tamén se impartirá formación continua para persoas adultas, formación de lideresas e actividades de desenvolvemento social na aldea de Mahanhane.

Parceiro local: Casa do Gaiato

Orzamento total: 39.364,76€

Achega Deputación Coruña: 15.349,76 €

Achega Concello de Oleiros: 24.015€

PROXECTOS DESENVOLVIDOS EN MOZAMBIQUE

1. Construción e equipamento do centro de atención infantil Massaca 1. Mozambique (CI. 2001)

Parceiro galego: Fundación Ecos do Sur

Parceiro local: Casa do Gaiato

Construcción dun centro de atención infantil, co seu equipamento, para atender a bebés desnutridos, englobado nun proxecto integral de desenvolvemento rural comunitario.

Orzamento total: 89.524,61 €

Achega Fondo Galego: 30.049,88 €

2. Adquisición de 30 bicicletas para promotoras de saúde de Boane e Naamacha, na provincia de Maputo (CI. 2001)

Parceiro galego: Bicis pola Paz

Parceiro local: Casa do Gaiato

Adquisición de 30 bicicletas para que as promotoras de saúde se poidan desprazar polas distintas aldeas. En cada aldea escolléronse e formáronse mulleres para actuar como lideresas comunitarias na promoción da saúde. A súa función é a de coñecer a fondo a situación das familias, orientalas en hixiene, coidados ás crianzas e derivalas ao centro de saúde de ser preciso. Este proxecto complementa ó anterior pois estas promotoras son as encargadas de detectar bebés en risco.

Orzamento total: 2.935,27 €

Achega Fondo Galego: 2.403,99 €

3. Construción do centro de apoio de Mahanhane, distrito de Boane (CD. 2006)

Parceiro local: Casa do Gaiato

Orzamento total: 39.364,76€

Achega Deputación Coruña: 15.349,76 €

Achega Concello de Oleiros:24.015€

4. Mellora das condicións sanitarias na provincia Inhambane (CI. 2009)

Parceiro galego: Arquitectos sen Fronteiras

A acción proxectada responde a unha terceira fase para o apoio en mellora do acceso da poboación á rede sanitaria e da xestión de recursos sanitarios

Orzamento Total: 175.712,91 €

Achega Fondo Galego: 49.954,87 €

5. Programa de apoio ó proceso de desenvolvemento económico local para a provincia de Maputo (CD. 2011)

Parceiro local: PNUD

O proxecto pretende contribuír á erradicación da pobreza promovendo o desenvolvemento económico local (DEL) xunto coa Dirección Nacional de Promoción de Desenvolvemento Rural

(DNPDR), a través do apoio e fortalecemento do Departamento de Promoción de Desenvolvemento Rural, á Axencia de Desenvolvemento Económica Local (ADEL) da provincia de Maputo e á Rede Nacional das ADEL (REDEL) para dinamizar a economía local, crear empregos e xerar ingresos entre a poboación. Preténdese fortalecer a xestión municipal e a asociatividade, a través dunha incubadora de negocios e talleres de capacitación e información de novas esixencias do mercado da competencia e comercio xusto, intercambio con outras iniciativas e transferencia tecnolóxica.

Orzamento total: 66.071,61€

Achega Fondo Galego: 62.643,04€

6. Mellora nas condicións educativas da escola e centro infantil Hitakula das Mahotas (CI. 2013)

Parceiro galego: ECOS DO SUR

Parceiro local: Adane Mozambique

O presente proxecto pretende mellorar os servizos de educación e sanidade na escola de Hitakula das Mahotas (Maputo) a través de diversas accións orientadas á mellora do sistema de auga e saneamento da escola: limpeza, ampliacións e instalación do sistema de saneamento no centro escolar. O proxecto está integrado nun programa titulado "Mellora das condicións educativas da Escola e Centro Infantil Hitakula", que ten por obxectivo mellorar as condicións da educación e sanidade do centro. Este proxecto enmarcaríase na segunda fase deste programa. A escola, construída no ano 2002 por ADANE Mozambique coa cooperación española, foi deseñada para albergar a 1.200 alumnas/os, pero o rápido crecemento demográfico ocasionou que na actualidade esteamos a falar de 2.450, o que provoca un deterioro nas instalacións.

Orzamento total: 25.276,48€

Achega Fondo Galego: 17.999,38€

7. Axuda de emerxencia con motivo do ciclón en Changanane (Mozambique). (2006)

Parceiro local: Casa do Gaiato

Achega Fondo Galego (Concello Teixeira): 120€